



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio da exposición: 13-01-2025

Data final da exposición: 13-03-2025

O Porriño, a da de

DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

ANTECEDENTES

No expediente nº 444/2024 relativo ao proceso selectivo de concurso-oposición, para a selección e nomeamento de funcionarios interinos (ARQUITECTO...) para a execución do programa de carácter temporal denominado "Programa xestión de axudas Next Generatione UE e seguimento da Axenda Urbana e doutros programas de similar natureza", o Tribunal formulou a esta alcaldía a proposta de nomear funcionario interino, para a execución do devandito programa a PABLO RIVAS CARIDE, con DNI ***7980**, como arquitecto, asimilado ao grupo A, subgrupo A1.

O interesado presentou o escrito de data 17/12/2024 no que solicita aclaración de cal será a situación na que queda no caso de renuncia a proposta de ser nomeado funcionario interino, e escrito de data 18/12/2024 no que expresamente RENUNCIA ao nomeamento como funcionario interino do Concello de O Porriño xa que está traballando como funcionario interino do Concello de Vigo. Sendos escritos foron resoltos por esta alcaldía, conforme as bases da convocatoria, mediante Decreto núm. 2024-3971 de data 26/12/2024 cuxa parte dispositiva di:

*"PRIMEIRO.- Aceptar de plano a renuncia formulada por PABLO RIVAS CARIDE a ser nomeado funcionario interino do concello de O Porriño e, en consecuencia, aos dereitos que lle puideran corresponder no procedemento selectivo mencionado.
TERCEIRO.- Notificar esta resolución ao interesado."*

Notificado ao interesado o devandito decreto este presentou en data 27/12/2024 novo escrito que foi rexistrado co co núm. 2024-E-RE-8388, no que logo de expoñer o que considerou oportuno solicita a súa inclusión na lista de reserva ou bolsa de emprego de arquitecto e ter cando menos os mesmos dereitos que os seus compoñentes respecto a renuncia ao nomeamento respectos a posibles e futuras propostas de nomeamento.

DEREITO

Como cuestión previa cabe dicir que o derradeiro escrito presentado polo interesado o día, 27/12/2024, se ben o propio redactor non o cualifica como Recurso de Reposición, examinado o seu contido se desprende a súa verdadeira finalidade impugnatoria xa que ao pretender se lle inclúa na lista de reserva ou bolsa de emprego de arquitecto e ter cando menos os mesmos dereitos que os seus compoñentes respecto a renuncia ao nomeamento respectos a posibles e futuras propostas de nomeamento, reflicte que atopámonos ante unha auténtica impugnación da resolución desta alcaldía, polo cal a natureza de tal escritos é a de recurso administrativo, que procede cualificarse como RECURSO DE REPOSICIÓN, posto que de seu contido se deduce este verdadeiro carácter en aplicación do disposto no artigo 115.2 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), que introduce o principio pro actione no réxime de recursos administrativos, ao establecer que o erro ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

Con respecto a manifestación que fai o recorrente de que a parte dispositiva da resolución recorrida carece dun punto segundo, cabe dicir que como isto obedeceu ao erro material de poñer ordinal terceiro en vez de ordinal segundo que correspondía, habendo en realidade só dous parágrafos o 1º de aceptar de plano a renuncia... e o 2º de notificar a resolución..., procede de conformidade co disposto no artigo 109 da LPACAP corrixir o erro material padecido, quedado a parte dispositiva do decreto recorrido, que resolveu do seguinte xeito:

1

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

DECRETO
Número: 2025-0067
Data: 10/01/2025

Cod. Validación: 7K3BMHG4A4R33EFMW4MYT7JX
Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 2)
Alcalde de Porriño
N.º de Identificación: 3515
N.º de Teléfono: 986335000
N.º de Fax: 986330579



Eduardo Puche Fernández (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinautura: 13/01/2025
HASH: 3460de1e95872f27fbb6dc446c7





Concello do Porriño

“PRIMEIRO.- Aceptar de plano a renuncia formulada por PABLO RIVAS CARIDE a ser nomeado funcionario interino do concello de O Porriño e, en consecuencia, aos dereitos que lle puideran corresponder no procedemento selectivo mencionado.
SEGUNDO.- Notificar esta resolución ao interesado.”

Dito o anterior o recurso de reposición formulado polo interesado Sr. RIVAS CARIDE está interposto por persoa lexitimada e dentro de prazo, conforme ao establecido nos artigos 4, 123 e 124 da LPACAP.

O prazo que ten este Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é de un mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo 124 LPACAP, de xeito que unha vez transcorrido o devandito prazo sen que haxa recaído resolución, se poderá entender desestimado.

Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo dito recurso.

Conforme dispón o artigo 123 da LPACAP, o recurso de reposición interposto lle corresponde resolvelo ao Sr. Alcalde por ser o órgano que dítou o acto recorrido.

En canto ao fondo do citado recurso de reposición, de acordo coas bases 23 e 24 das xerais que rexen o citado proceso selectivo, procede estimar o solicitado no recurso e incluír ao recorrente na lista de reserva ou bolsa de emprego de arquitecto no primeiro lugar por haber superado todos os exercicios da oposición e haber acadado a maior puntuación final (11,60) de todos os aspirantes.

Polo exposto, de conformidade co informe de secretaría que consta no expediente e consonte ao disposto artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta Alcaldía,

RESOLVE

Primeiro.- ESTIMAR o citado recurso de reposición interposto polo interesado Pablo Rivas Caride, e en consecuencia incluír ao recorrente no primeiro lugar da lista de reserva ou bolsa de emprego de arquitecto modificando esta, que queda configurada do seguinte xeito:

LISTA DE RESERVA OU BOLSA DE EMPREGO DE ARQUITECTO/A:

Nº ORDEN	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN		PUNTUACIÓN FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN FINAL
				PUNTUACIÓN 1º EXERCICIO TEST	PUNTUACIÓN 2º EXERCICIO GALEGO		
1º	RIVAS CARIDE, PABLO	***7980**	3,90	5,70	2,00	7,70	11,60
2º	MARTÍNEZ SANMARTIN, ZARAIDA	***1072**	3,45	5,60	2,00	7,60	11,05
3º	GONZÁLEZ MARTÍNEZ, RAQUEL	***0966**	1,65	6,70	2,00	8,70	10,35
4º	MAGDALENA NOGUEIRA, JOSÉ	***5988**	0,00	8,30	2,00	10,30	10,30
5º	PINO COLLAZO, RODRIGO	***6603**	1,55	6,10	2,00	8,10	9,65

Segundo.- Notificar esta resolución ao interesado e publicala no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado electrónicamente na marxe.

2

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

DECRETO
 Número: 2025-0067 Data: 10/01/2025

Cod. Validación: 7K39MGH2A4E33EFNW4MYT27JX
 Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xesione esPublico | Páxina 2 a 2

